


Tema2. Glúcidos.



Ex-24 1.1. A figura 1 representa unha biomolécula.

A) Cal é o seu nome e a que grupo e subgrupo de biomoléculas pertence?

B) Como se denominan as unidades que a constitúen e que anómeros son?

C) Que tipo de enlace une ambas unidades? Explíqueo.

D) A molécula representada terá poder redutor? Por que?

1.2. A) Que teñen en común o glicóxeno, a celulosa e o amidón?

B) En que se diferenzan dende o punto de vista estrutural?



Ex-22

a) Nomee que dous polisacáridos poderían estar representados mediante o esquema da figura 1.

a) Nomee o compoñente incluído no recadro e os enlaces (1 e 2) sinalados coas frechas.

b) Explique como se forman os devanditos enlaces.

c) Explique as funcións biolóxicas e en que tipos de células podería atopar estes dous polisacáridos.



(20- Xullo) Na figura 2 represéntanse esquematicamente tres tipos de

macromoléculas presentes nos seres vivos (A, B e C).

a) Identifique a que pertence ao grupo dos glúcidos; b) de entre os seguintes elementos, indique cales interveñen regularmente na composición dos glúcidos: carbono, hidróxeno, osíxeno, fósforo, nitróxeno, xofre; c) indique dúas funcións diferentes dos glúcidos e poña un exemplo de cada unha.

(18) «A que tipo de biomoléculas pertencen os oligosacáridos? Por que unidades estruturais están formados?


Indique, explique e represente o tipo de enlace que se establece entre as ditas unidades. Cite un exemplo e indique a función de dita molécula

(13-17) A que tipo de biomoléculas pertencen os polisacáridos? Por que unidades estruturais están formados?

Indique, explique e represente o tipo de enlace que se establece entre as ditas unidades. Cite un exemplo e indique a función de dita molécula/Cite tres polisacáridos de interese biolóxico e comente brevemente a súa función.

(12) «Identifique a molécula que está representada na Figura 4. Si dúas desas moléculas se unen entre si, que tipo de composto se formará como resultado desa unión e a qué grupo de principios inmediatos pertence?

Represente e nomee o enlace formado entre as dúas moléculas. Cite dous polímeros formados por unidades de dita molécula e indique a súa función nos seres vivos.



(06) «A D-glicosa é unha aldohexosa. Explica: a) ¿Que significa este termo?; b) ¿Cal é a importancia bioquímica da glicosa? c); ¿Que diferenza existe entre D e L glicosa, e entre a e b D glicopiranosas?»